

BANDO INFORMATIVO

SUBVENCIÓNS DO PROGRAMA DE AXUDAS PARA CONTRIBUIR A MINIMIZAR O IMPACTO ECONÓMICO E SOCIAL DO COVID-19 NOS ALUGUEIROS DE VIVENDA HABITUAL

Manuel Mirás Franqueira, alcalde do Concello de Oroso **INFORMA**:

Que o Instituto Galego de Vivenda e Solo abriu o prazo para solicitar ás subvencións do Programa de axudas para contribuír a minimizar o impacto económico e social do COVID-19 nos alugueiros de vivenda habitual.

OBXECTO: A concesión de axudas ao alugueiro, mediante a adxudicación directa ás persoas arrendatarias de vivenda habitual que, como consecuencia do impacto económico e social do COVID-19 teñan problemas transitarios para atender o pagamento parcial ou total do alugueiro.

PERSOAS BENEFICIARIAS: A persoa que estea obrigada a pagar a renda de alugueiro pase a estar en situación de desemprego, expediente temporal de regulación de emprego (ERTE) ou redúcese a súa xornada por motivo de coidados, en caso de ser empresario, ou outras circunstancias similares que supoñan unha perda substancial de ingresos, e non alcanzar por iso o conxunto dos ingresos dos membros da unidade familiar, dende a declaración do estado de alarma e ata un mes despois da súa finalización.

Con carácter xeral o límite de recursos económicos é 3 veces o IPREM.

RESUMO DOS PRINCIPAIS REQUISITOS:

- Ter nacionalidade española ou residir legalmente en España no caso de persoas estranxeiras.
- Ser titulares dun contrato de alugamento dunha vivenda cunha duración mínima dun ano con mención expresa da súa referencia catastral e do medio e forma de pagamento do alugueiro.
- Que a vivenda arrendada sexa a residencia habitual e a unidade familiar debe constar empadroada nela.
- Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

CONTÍA E DURACIÓN: ata 500€ mensuais, sen que en ningún caso poida exceder o importe da renda do contrato e polo prazo en que se acredite estar en situación de vulnerabilidade como consecuencia do COVID-19, durante un período máximo de 6 meses.

PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN: Ata o 30 de setembro de 2020. Preferentemente por vía electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia e opcionalmente nos rexistro públicos.

MÁIS INFORMACIÓN: Departamento de Servizos Sociais. Rúa do Deporte, Baixo, Sigüeiro. Télf: 981688950 ou no *Diario Oficial de Galicia*, núm. 98 do 22 de maio do 2020

Oroso, 25de maio de 2020

O alcalde

Manuel Mirás Franqueira

